



CD Comunicación oral e outros textos

Textos de comunicación oral

PISTA 22. Actividade 1

Unha bolsa de tinta negra
gardo dentro de min;
non a uso para escribir,
senón para poder fuxir.



PISTA 23. Actividade 3

LOCUTOR: escoita e completa coa sílaba
que falta.

congro croque globo



CD Lecturas. Pista 11

CONTO

O peixe máxico


En certa ocasión, nunha pequena aldea viviu unha familia que habitaba unha casa preto da praia. Levaban unha vida humilde e mantíñanse co que obtían do mar.

Un día, o home saíu pescar coma de costume. Aínda que o mar estaba un pouco picado, botou a rede e esperou. Cando a sacou, nela só había unha pedra. Volveu intentalo de novo e, desta volta, descubriu que na rede só había un peixe pequeniño. Estaba claro que era un mal día para pescar. Terían que se conformar con iso para xantar. Que se lle ía facer!

Cando colleu o peixe, decatouse de que tiña unha cor moi brillante: era un peixe de ouro. Nese momento, o peixiño comezou a falar, suplicando:

–Por favor, devólveme ao mar! Pídeme a cambio o que queiras e concedereicho.

O home non soubo que desexo pedirlle ao peixe. Devolveuno ao mar e marchou



para a casa. Cando chegou, contoulle á muller o que lle pasara. Ela, que nese momento estaba lavando uns panos nun vello barreño, refungou e díxolle:

–Pero home, que fixeches? Pescas un peixe máxico e déixalo marchar sen pedirlle ningún desexo? Podías pedirlle, por exemplo, un barreño novo para lavar a roupa. Este que temos está gastado.

O home non dixo nada e marchou para o mar. Unha vez alí, berrou:

–Peixiño de ouro, pódeme oír? Teño algo que che pedir.

Tan pronto como acabou de dicir esas palabras, o peixe máxico emerxeu da auga:

–Dime. Que queres de min?

–A miña muller quere que che pida un barreño novo para lavar a roupa, porque o que temos está moi vello.

O peixe de ouro contestoulle:

–Vale, pois volve para a casa. O desexo serache concedido.

Cando o home chegou á casa, atopou a muller lavando nun barreño do trinque. Pero, non conforme con iso, ela díxolle:

–A verdade é que ben lle puideches pedir unha casa nova no canto do barreño; a nosa está que cae a cachos.

O home non dixo nada e marchou ao mar. Unha vez alí, berrou:

–Peixiño de ouro, pódeme oír? Teño algo mellor que che pedir.

–Que cousa queres que sexa mellor?

–preguntoulle o peixiño, asomando a cabeza.

–A miña muller di que sería mellor unha casa nova.

O peixiño contestou:

–Vale, pois volve para a casa. O desexo serache concedido.

Cando o home chegou á casa, atopou unha vivenda nova e viu a muller no patio, sentada nunha cadeira. Entón ela comentou:

–Sabes que che digo? Sería estupendo poder ser donos do mar e que o peixe fose o noso criado. Volve onda el e dille que quero ser a raíña do mar.

O home marchou de novo ao mar e chamou polo peixe de ouro:

–Peixiño de ouro, pódeme oír? Teño outra cousa mellor que che pedir.

–Que queres de min?

O home explicoulle con algo de inseguridade:

–A miña muller quere ser a raíña do mar. E di que ti poderías ser o seu criado.

O peixiño de ouro non daba creto ao que acababa de oír. Non dixo nada, mergullouse na auga e desapareceu. O home regresou onda a muller e atopouna diante da casa vella de sempre, lavando a roupa no barreño gastado.

E así acabou a historia. Desde aquela, ninguén volveu ver o peixiño de ouro, que marchou para o fondo do mar e non quixo máis tratos cos humanos. E nós sabemos ben por que foi.

Baseado nun conto popular ruso